

Dentro do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña está previsto impartir a formación “**LIMPEZA DE ESPAZOS ABERTOS E INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS**”.

A formación teórico-práctica realizarase nas instalacións que oferta a empresa adxudicataria:

- Zona Norte: Cerceda
- Zona sur: Muros

Este itinerario irá acompañado obrigatoriamente de formación transversal en materia de igualdade de oportunidades, formación en idiomas e fomento da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación. Tamén se inclúen 80 horas de prácticas en empresas e 60 horas de formación en Prevención de Riscos Laborais. A data de inicio, prevista para mediados do mes de marzo, será comunicada ao longo do proceso de selección.

REQUISITOS DO ALUMNADO:

- Ter entre 16 e 30 anos de idade.
- Estar inscritos/as nalgunha das Oficina de Emprego da provincia da Coruña.
- Estar empadroadado/a en algún dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Estar rexistrado/a no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil: <https://garantiajuvenil.sepe.es/login.action>

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Ficha de Solicitud completamente cumprimentada e asinada.
- Ficha de historial cumprimentado e asinado da persoa candidata e CV formativo e profesional.
- DNI por ámbalas dúas caras.
- Tarxeta ou documento que acredite o número de Afiliación á Seguridade Social.
- Certificado/volante actualizado de empadramento.
- Tarxeta de demanda de emprego debidamente actualizada (non se considerarán as tarxetas de demanda de mellora de emprego).
- Documento que acredite a inscrición no rexistro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (Acceso a zona persoal na plataforma de Garantía Xuvenil e descarga no apartado de "notificacións" do documento, en formato "pdf", que acredita que a persoa solicitante está rexistrada e é beneficiaria do sistema).

LUGAR E PRAZO DE INSCRICIÓN: Para máis información e formalizar as inscricións deberán contactar coa orientadora laboral do Concello de Outes (atención presencial no concello de Outes os mércores, xoves e venres). O prazo de inscrición remata o **mércores 3 de marzo as 14:00 horas**.